



## **Prescricións técnicas para a contratación dunha asistencia técnica co obxecto de implantar unha carta homoxénea nos establecementos de restauración pertencentes o selo kilometro cero Margalaica no ámbito territorial do Galp Costa Sostible**

### **Xustificación**

O GALP COSTA SOSTIBLE, respondendo ao seu compromiso de responsabilidade social, económica e ambiental co seu entorno, implanta o selo promocional kilometro cero Margalaica nos establecementos de restauración do seu ámbito territorial pertencentes o Club de produto Margalaica, sendo este ademais un requisito para obter o financiamento do programa de axudas do Galp para tódolos establecementos de restauración, dito requisito recóllese na medida 2.4.1.2 Iniciativas de restauración e gastronomía integradas no programa kilometro cero Margalaica da súa EDLP, dentro da liña de actuación Apoio o investimento turístico xerador de emprego.

- Os requisitos de dito selo tenden a identificar os produtos procedentes das lonxas do territorio, e a sensibilizar ao consumidor no seu consumo
  - Os establecementos portadores deste selo forman na actualidade parte da ruta dos faros de Galicia, e figuran nos soportes promocionais da mesma.
- Neste marco, o GALP COSTA SOSTIBLE solicita unha proposta de colaboración profesional para unificar a imaxe destes establecementos mediante unha carta homoxénea para todos eles, que será a Carta Kilometro cero Margalaica

### **Obxecto da proposta presentada**

Fomentar a implementación efectiva deste selo nos restaurantes adheridos mediante unha carta homoxénea para todos eles, e adherir a este selo ós novos establecementos financiados polo Galp neste programa de axudas, así como a outros que formalizaron a súa solicitude dende a posta no mercado da Ruta dos Faros de Galicia.

O traballo a realizar comprenderá:

- Deseño e proposta da carta kilometro cero que será consensuada cos distintos establecementos pertencentes ao selo e coa xerencia do Galp
- Identificación dos pratos kilometro cero de cada establecemento que aparecerán na carta así como deseño dun menú específico en cada establecemento que será identificado como kilometro cero, no caso de que se logre consenso cos distintos restauradores.
- Ademais a carta comprenderá información sobre os selos de calidade do territorio Galp costa Sostible e dos produtos das súas lonxas.





Grupos de Acción Local  
do sector Pesqueiro  
Seo de Fisterra Ría de Muros-Noia:  
Costa Sostible



UNIÓN EUROPEA

FONDO EUROPEO MARÍTIMO  
Y DE PESCA (FEMP)

- Adhesión ao selo kilómetro cero dos establecementos financiados polo Galp neste programa de axudas, ou que presentaran a súa solicitude de adhesión, e que non estean comprendidos na ruta dos Faros de Galicia.
- Inclusión destes novos establecementos na web da ruta dos Faros de Galicia
- Cuantificación do custe de materialización da carta proposta e do número de exemplares por establecemento

### Contido das propostas

Unha breve memoria técnica na que o licitante exporá a súa maneira de dar forma e concretar o traballo a realizar .

Orzamento, onde aparecerá especificado o **prezo do servizo** co IVE desagregado. Neste prezo non se incluírán os custes de materialización da carta que serán contratados directamente polo Galp segundo as especificacións técnicas que lle sexan facilitadas pola empresa prestataria do servizo

### Requisitos:

- Os distintos licitantes acreditarán a súa solvencia técnica de xeito que quede latente a súa capacidade para desenvolver o contrato.
- Acreditarán a súa capacidade para contratar mediante unha declaración responsable e cumprimentando o anexo II que acompaña a estas bases.
- Acreditarán así mesmo que non existe ningún tipo de vinculación coa entidade contratante.

### Prazo e forma de presentación:

- As propostas presentaranse no rexistro do GALP Seo Fisterra Ría Muros Noia sito na Rúa Matadoiro da localidade de Noia, ou por correo ordinario, neste caso serán adiantadas por correo electrónico ó enderezo [galp.mar.costasostible@xunta.gal](mailto:galp.mar.costasostible@xunta.gal)
- O prazo de presentación rematará no prazo de 15 días naturais contados a partir do día da publicación destas prescricións técnicas.

### Prazo de execución:

Os traballos deberán estar rematados na data do trinta de decembro, co obxecto de que a carta poida estar dispoñible nos distintos establecementos no mes de decembro.

### Prezo do contrato

- O prezo máximo do contrato será de 14.990,00€ (IVE engadido)



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DO MAR





## Valoración das ofertas

- O servizo adxudicarase a proposta mais vantaxosa economicamente

## Anexo

Relación de establecementos actuais do programa kilometro Cero Mar Galaica

Pepe do Coxo	Outes
Don Bodegón	Muros
Casa A Xouba	Carnota
Restaurante O Recreo	Cee
Casa Peto	Outes
Restaurante Elisardo	Noia
Ríos O Freixo	Outes
Hotel Muradana	Muros
Casa Tella e Rosalía	Porto do Son
Casa Boto	Noia
La Bayonnaise 1803	Fisterra
Praia de Quenxe	Corcubiión
Morada da Moa	Carnota
Restaurante Anduriña	Fisterra
Mar Viva	Corcubiión

## Novas adhesións

Restaurante A Morosa	Carnota
O Neixon	Carnota
Praia Sardiñeiro	Fisterra
Liresca	Cee

**Nota: No caso de que no transcurso do traballo xurdan novas solicitudes de adhesión, deberán ser tidas en conta para a realización do mesmo**

En Noia a 14 de Outubro de 2019

Manuela Oviedo Hermida

Xerente Galp Costa Sostible

